

DIVULGACIÓN DO PROXECTO: PE209C 2020F-055

XESTIÓN INTEGRAL DA EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS E DO MEDIO NO QUE SE DESENVOLVEN

ACTIVIDADES A REALIZAR

1. XESTIÓN E SEGUIMENTO DOS RECURSOS MARIÑOS VIVOS NAS ZONAS DE PRODUCCIÓN

- Elaboración e seguimento dos plans de co-xestión de recursos mariños vivos:
 - Realización de mostraxes poboacionais
 - Procesado de datos recollidos nas mostraxes
 - Control de tallas das capturas
 - Seguimento das capturas
- Avaliación do estado de conservación e da biodiversidade, nos paraxes de Natura 2000, nas zonas mariñas protexidas e nos hábitats costeiros de especial interese para a cría de organismos mariños. Dentro do ámbito territorial desta confraría non hai zonas baixo ningunha figura especial de protección, o que sí hai son zonas de especial interese para a cría de organismos mariños.
 - Recollida de especies non comerciais nas mostraxes poboacionais
 - Recollida de información das características do hábitat
- Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños: a través do seguimento do estado das poboacións explotadas e da explotación, aparte de reunirse periódicamente coas directivas das agrupacións para tomar axeitadas decisións da xestión
- Cartografado dos hábitats e das especies, especialmente das exóticas invasoras: por medio da elaboración de mapas de produción e recollida de información xeorreferenciada dos posibles achados de especies invasoras.
- Seguimento dos hábitats e das especies: dacordo cun programa de mostraxes e completárase coa recollida de información sobre sedimentos e batimetría na zona intermareal
- Cartografiado da actividade extractiva realizada polos socios da entidade: entre a información recollida dentro do modelo normalizado TA2, que se envía mensualmente a ftp.intecmar.org están as zonas de traballo en cada modalidade de marisqueo.
- Seguimento de indicadores de abundancia, da composición específica das capturas e da súa estrutura de tallas: Mensualmente se recollen os datos diarios de vendas en lonxa (quilos vendidos, prezos de primeira venda, número de provedores no caso de marisqueo a pé e do número de embarcacións no caso de marisqueo a flote, que se complementan con información dos lugares de traballo extractivo en cada unha das datas.
- Contribución á vixilancia epidemiolóxica: envío de mostras ó INTECMAR para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras: a confraría colabora có Intecmar formando parte da rede de

recollida de mostras para as distintas liñas de control de calidade do medio mariño que este organismo mantén.

2. FORMACIÓN PROFESIONAL E FORMACIÓN PERMANENTE DO PERSOAL E ASOCIADOS DA ENTIDADE E AUMENTO DA SENSIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL

- Actividades relacionadas coa formación realizadas polas entidades: a proposta para este período consiste en manter actividades formativas dirixidas ao conxunto do colectivo do marisqueo a pé, que tiveron boa aceptación por parte dos asistentes e incorporar algunhas novas, coma: un obradoiro sobre emprego de artes de pesca, charlas sobre actividades de semicultivo e xornadas de difusión dos proxectos de axudas.

3. CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E SUSTENTABILIDADE DA EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS

- Actividades relacionadas coas labores que desempeñan os servizos de vixilancia das entidades: as persoas contratadas para o servizo de vixilancia deben estar en posesión do título de Gardapesca na súa especialidade de Garda Particular de Campo e o número de efectivos sole variar entre 6 e 7, sendo éste o número considerado idóneo para a efectividade do servizo. A vixilancia lévase a cabo por mar e por terra, tanto de día coma de noite. O servizo dispón de 2 embarcacións e de vehículos todo terreo. O personal actuará sempre baixo a supervisión do Servizo de Gardacostas.
 - Control de acceso ó recurso do persoal non habilitado
 - Colaboración no punto de control
 - Colaboración cos/as mariscadores/as nas vixilancias de verán
 - Envío de información ó Servizo de Gardacostas

As actividades incluídas neste proxecto benefician directamente ós socios da entidade nun intento de mellorar a produción marisqueira que implica directamente unha mellora na rend económica dos afiliados mariscadores.

Nº de socios da entidade: 407 distribuídos en 189 homes e 218 mulleres.

IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA

FINANCIACIÓN

IMPORTE CONCEDIDO: 111.538,70 €:

- ANUALIDADE 2020: 56.623,70 €
- ANUALIDADE 2021: 54.960,00 €

IMPORTE SUBVENCIONABLE: 111.538,70 €:

- IMPORTE PÚBLICO FEMP (75%): 83.687,77 €
- IMPORTE PÚBLICO CA (25%) : 27.850,93 €
- PORCENTAXE DE COFINANCIACIÓN: 100%

ANO	CONCEPTO AXUDA	Nº EFECTIVOS	MESES/ EFECTIVO	TOTAL MESES	IMPORTE AXUDA MES/EFFECTIVO	IMPORTE TOTAL 2020	IMPORTE TOTAL 2021
2020	Asistencia Técnica	1	6	6	1.900,00 €	11.400,00 €	
2020	Vixilantes	6	6	36	1.210,00	43.560,00 €	
2020	Equipos xeolocalización	6			1.663,70	1.663,70 €	
2021	Asistencia Técnica	1	6	6	1.900,00 €		11.400,00 €
2021	Vixilantes	6	6	36	1.210,00		43.560,00 €

PRAZO DE EXECUCIÓN

DENDE O 01 DE XULLO DO 2020 ATA O 30 DE XUÑO DO 2021

O artigo 5 da Orde do 23 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental, establece entre as obrigas das entidades beneficiarias, no seu punto 2.i) a obriga de dar adecuada publicidade ao carácter público da financiación da inversión realizada, con expresa mención á participación do FEMP, e coma tal que a entidade organice, alomenos, unha xornada formativa, para divulgar o proxecto subvencionado.

Esta confraría, aparte da organización das oportunas xornadas, aproveita as distintas reunións asamblearias organizadas ó longo do ano, tanto de socios coma das organizacións sectoriais a pé e a flote, ás que solen acudir un elevado número de personas para cumprir có establecido nas ordes de axudas e dar extendida publicidade dos proxectos de axuda aprobados e das súas condicións. A complicada situación que estamos a vivir provocada pola crise sanitaria do COVID-19, nos obriga a tomar unhas medidas excepcionais principalmente no que a reunións e distanciamento social se refire. Á vista das instrucións dadas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar para a realización da publicidade, esta confraría vai optar por colgar este infome descriptivo do proxecto na súa páxina web (www.cofradiavilanovapastoriza.org)

Asemade tamén se pode consultar o cartel informativo colgado na páxina web, no facebook e no tablón de anuncios das dependencias da Confraría.

